



CONCELLO DE  
OLEIROS

Apellidos e nome  
Apellidos y nombre:  
DNI:

Sinatura:  
Firma:

**EXAME DE PERSOAL SOCORRISTA TERRESTRE 2019**  
**EXAMEN DE PERSONAL SOCORRISTA TERRESTRE 2019**

- 1. Na valoración primaria, cal será a nosa orde de prioridades?**  
**En la valoración primaria ¿cuál será nuestro orden de prioridades?**
  - a) Consciencia, apertura da vía aérea, respiración e control de hemorraxias.  
*Consciencia, apertura de la vía aérea, respiración y control de hemorragias.*
  - b) Control de hemorraxias, respiración e consciencia.  
*Control de hemorragias, respiración y consciencia.*
  - c) Consciencia, hemorraxias e respiración.  
*Consciencia, hemorragias y respiración.*
  - d) Respiración, consciencia, apertura da vía aérea e control de hemorraxias.  
*Respiración, consciencia, apertura de la vía aérea y control de hemorragias.*
  
- 2. Onde colocaría os eléctrodos dun desfibrilador?**  
**¿Dónde colocaría los electrodos de un desfibrilador?**
  - a) Un no lombo e outro no peito do paciente, ambos na zona dereita  
*Uno en la espalda y otro en el pecho, los dos en la zona derecha*
  - b) Un na zona peitoral dereita e outro na zona peitoral esquerda, a mesma altura os dous  
*Uno en la zona pectoral derecha y otro en la zona pectoral izquierda a la misma altura los dos*
  - c) Un na zona peitoral dereita e outro na zona peitoral esquerda estando este nunha liña máis inferior e desprazado un pouco cara o costado  
*Uno en la zona pectoral derecha y el otro en la zona pectoral izquierda estando este en una línea más inferior y desplazado un poco al costado*
  - d) Todas son correctas  
*Todas son correctas*
  
- 3. Unha vítima adulta que se esgana, berrando e que se axita:**  
**Una víctima adulta que se atraganta, gritando y que se agita:**
  - a) Farémoslle R.C.P.  
*Le realizamos R.C.P.*
  - b) Dámoslle golpes no lombo e compresións abdominais mirando na boca  
*Le realizamos 5 golpes en la espalda y 5 compresiones abdominales mirando en la boca*
  - c) Metémoslle o dedo na boca para tentar sacar o obxecto  
*Le metemos el dedo en la boca para intentar sacar el objeto*
  - d) Animámoslle a tusir e sentámolo  
*Le animamos a toser y lo sentamos*
  
- 4. Se temos que inmovilizar farémolo:**  
**Si tenemos que inmovilizar lo haremos:**
  - a) Tirando da extremidade ata colocar o óso no seu lugar  
*Traccionando de la extremidad hasta colocar el hueso en su lugar.*
  - b) Tal como a atopamos, da forma que nos sexa máis cómodo colocalo  
*Tal como la encontramos, de la forma que nos sea más cómodo colocarlo*
  - c) Non a inmovilizamos  
*No la inmovilizamos*

d) Tal como a atopamos, da forma máis anatómica posible  
*Tal como la encontramos, de la forma más anatómica posible*

**5. Canto tempo podemos empregar, como máximo, en valorar se a vítima respira ou non?  
¿Cuánto tiempo podemos emplear, como máximo, en valorar si la víctima respira o no?**

- a) 5 segundos  
*5 segundos*
- b) 15 segundos  
*15 segundos*
- c) 10 segundos  
*10 segundos*
- d) O necesario, hai que asegurarse ben de que non respira  
*El necesario, hay que asegurarse bien de que no respira*

**6. Cal destes signos e síntomas corresponden ao shock hipovolémico?  
¿Cuál de estos signos y síntomas corresponden al shock hipovolémico?**

- a) Palidez cutánea e estado mental alterado  
*Palidez cutánea y estado mental alterado*
- b) Frecuencia cardíaca lenta  
*Frecuencia cardíaca lenta*
- c) Recheo capilar correcto  
*Relleno capilar correcto*
- d) As respostas a e b son correctas  
*Las respuestas a y b son correctas*

**7. O primeiro elo da cadea asistencial é:  
El primer eslabón de la cadena asistencial es:**

- a) A primeira persoa que atope á vítima  
*La primera persona que encuentra a la víctima*
- b) Os servizos de emerxencias  
*Los servicios de emergencias*
- c) Os servizos médicos  
*Los servicios médicos*
- d) Ningunha das anteriores  
*Ninguna de las anteriores.*

**8. Ante unha persoa diabética, consciente que presenta ansiedade, suoración e taquicardia, como actuaremos de mellor xeito?  
Ante una persona diabética, consciente que presenta ansiedad, sudoración y taquicardia.  
¿Cómo actuaremos de mejor modo?**

- a) Non darlle nada.  
*No darle nada.*
- b) Colocalo en PLS.  
*Colocarlo en PLS.*
- c) Darlle 2 azucres diluídos en auga.  
*Darle 2 azucarillos diluidos en agua.*
- d) As respostas a e b son correctas.  
*Las respuestas a y b son correctas.*



*Sinatura:*

*Firma:*

**9. A característica fundamental das compresións e descompresións sobre o peito dunha vítima nas manobras de RCP é:**

***La característica fundamental de las compresiones y descompresiones sobre el esternón en una víctima en las maniobras de RCP es:***

- a) Deben durar o mesmo tempo e sen paradas  
*Deben durar el mismo tiempo y sin paradas*
- b) As compresións deben durar o dobre de tempo que as descompresións  
*Las compresiones deben durar el doble de tiempo que las descompresiones*
- c) Entre compresión e descompresión hai que realizar unha parada de 3 seg aprox.  
*Entre compresión y descompresión hay que realizar una parada de 3 seg aprox.*
- d) Ningunha é correcta  
*Ninguna es correcta*

**10. Que queimaduras son sempre denominadas como graves? Sinala a resposta INCORRECTA:**

***¿Qué quemaduras son siempre denominadas como graves? señala la respuesta INCORRECTA:***

- a) Todas as de terceiro grado  
*Todas las de tercer grado*
- b) As de primeiro grado que superen o 50% da superficie corporal queimada  
*Las de primer grado que superen el 50% de la superficie corporal quemada*
- c) As de segundo grado que superen o 20% nun adulto e o 15% en ancians e nenos  
*Las de segundo grado que superen el 20% en un adulto y un 15% en ancianos y niños*
- d) Todas aquelas que se localicen en pregues corporais independentemente da súa extensión  
*Todas aquellas que se localicen en pliegues corporales independientemente de su extensión*

**11. Como se realizan as ventilacións nunha RCP a un lactante?**

***¿Cómo se realizan las ventilaciones de una RCP a un lactante?***

- a) Faremos ventilación boca a boca, pero con menos intensidade que no caso dun adulto  
*Haremos ventilación boca a boca, pero menos intenso que en el caso de un adulto*
- b) Faremos ventilación boca a boca-nariz, pero con máis intensidade que no caso dun adulto  
*Haremos ventilación boca a boca-nariz, con más intensidad que en el caso de un adulto*
- c) Faremos ventilación boca a boca-nariz, pero con menos intensidade que no caso dun adulto  
*Haremos ventilación boca a boca-nariz, con menos intensidad que en el caso de un adulto*
- d) Faremos ventilación boca a boca, pero con máis intensidade que no caso dun adulto  
*Haremos boca a boca, con más intensidad que en el caso de un adulto*

**12. Como actuaría fronte a unha otorraxia?**

***¿Cómo actuaría frente a una otorragia?***

- a) Deixaría ao paciente en decúbito supino esperando a que chegue a axuda  
*Dejaría al paciente en decúbito supino esperando a que llegue la ayuda*
- b) Deixaría ao paciente en decúbito lateral (sobre o lado que sangra) esperando a axuda  
*Dejaría al paciente en decúbito lateral (sobre el lado que sangra) esperando la ayuda*

- c) Deixaría ao paciente sentado, taponando o oído que sangra mentres espero a axuda  
*Dejaría al paciente sentado, taponando el oído que sangra mientras espero la ayuda*
- d) Deixaría ao paciente en decúbito lateral (sobre o lado contrario á hemorraxia) esperando a axuda  
*Dejaría al paciente en decúbito lateral (sobre el lado contrario a la hemorragia) esperando la ayuda*

**13. Cales son os síntomas dunha deshidratación severa?**

*¿Cuáles son los síntomas de una deshidratación severa?*

- a) FR, FC, TAS e recheo capilar normais, estado mental alerta, pel seca e quente  
*FR, FC, TAS y relleno capilar normales, estado mental alerta, piel seca y caliente*
- b) FC e FR moi elevadas, TAS diminuída, recheo capilar ausente. Estado mental deprimido, pel seca e fría  
*FC y FR muy elevadas, TAS disminuida, relleno capilar ausente. Estado mental deprimido, piel seca y fría*
- c) FR e FC elevadas, TAS e recheo capilar normais, estado mental irritable, pel seca e fría  
*FR y FC elevadas, TAS y relleno capilar normales, estado mental irritable, piel seca y fría*
- d) Ningunha das anteriores é correcta  
*Ninguna de las anteriores es correcta*

**14. Nunha inmovilización de pescozo dunha vítima traumática, o primeiro paso que debe facer antes de colocar o colar é:**

*En una inmovilización de cuello de una víctima traumática, el primer paso que debe hacer antes de colocar el collarín es:*

- a) Poñer a cabeza en posición neutra, xirándoa se fose necesario  
*Poner la cabeza en posición neutra, girándola si fuese necesario*
- b) Poñer a cabeza en posición neutra, facendo tracción dela e movendo o resto do corpo (con axuda) ata conseguir que se aliñen cabeza-pescozo-tórax  
*Poner la cabeza en posición neutra, aplicándole tracción y moviendo el resto del cuerpo (con ayuda), hasta conseguir que se alineen cabeza-cuello-tórax*
- c) Poñer a cabeza en posición neutra colocando unha cuña debaixo do pescozo  
*Poner la cabeza en posición neutra colocando una cuña debajo del cuello*
- d) Ningunha das anteriores é correcta  
*Ninguna de las anteriores es correcta*

**15. Se atopamos unha anisocoria tras un traumatismo, con que o relacionaría?**

*Si encontramos una anisocoria tras un traumatismo, ¿con qué lo relacionaría?*

- a) Lesión medular aguda.  
*Lesión medular aguda.*
- b) TCE e hemorraxia intracraneal.  
*TCE y hemorragia intracraneal.*
- c) Lesión ocular severa.  
*Lesión ocular severa.*
- d) Crise convulsiva en fase tónica.  
*Crisis convulsiva en fase tónica.*

**16. Señale cal dos seguintes non é material de inmovilización:**

*Señala cuál de los siguientes no es material de inmovilización:*

- a) Taboleiro espiñal



CONCELLO DE  
OLEIROS

*Sinatura:*

*Firma:*

*Tablero espinal*

- b) Colchón de baleiro  
*Colchón de vacío*
- c) Padiola de culler ou de pas  
*Camilla de cuchara o de palas*
- d) Cánula orofarínxea ou de Guedel  
*Cánula orofaríngea o de Guedel*

**17. Deberemos colocar a unha vítima dunha crise comicial ou ataque epiléptico en posición lateral de seguridade:**

***Deberemos colocar a una víctima de una crisis comicial o de un ataque epiléptico en posición lateral de seguridad cuando:***

- a) Xusto despois de que cesen as convulsións  
*Después de que cesen las convulsiones*
- b) No primeiro momento e antes de que comecen as convulsións  
*En el primer momento y antes de que empiecen las convulsiones*
- c) Cando a vítima se atope recuperada por completo e antes de trasladala ao hospital  
*Cuando la víctima se encuentre recuperada por completo y antes de trasladarla al hospital.*
- d) Ningunha das anteriores é correcta  
*Ninguna de las anteriores es correcta*

**18. Se atopamos unha persoa na praia cos seguintes síntomas: febre, dor de cabeza, náuseas, debilidade, pel quente e seca, taquicardia, taquipnea, estaremos ante un problema de:**

***Si encontramos a una persona en la playa con los siguientes síntomas: fiebre, dolor de cabeza, náuseas, debilidad, piel caliente y seca, taquicardia, taquipnea, estaremos ante un problema de:***

- a) Insolación  
*Insolación*
- b) Golpe de calor  
*Golpe de calor*
- c) Esgotamento por calor  
*Agotamiento por calor*
- d) Ningunha das anteriores.  
*Ninguna de las anteriores*

**19. ¿Que faría se acude ao posto de socorrismo un paciente cunha picadura de escarapote/ faneca?**

***¿Qué haría si acude al puesto de socorrismo un paciente con una picadura de escarapote/ faneca?***

- a) Somerxer a zoa afectada en auga quente durante uns 20 minutos aproximadamente.  
*Sumergir la zona afectada en agua caliente durante unos 20 minutos aproximadamente.*
- b) Extraer o veneno sempre.  
*Extraer el veneno siempre.*
- c) Aplicar antihistamínicos locais.  
*Aplicar antihistamínico local.*

- d) As opción a) e c) son certas.  
*Las opciones a) y c) son ciertas.*

**20. Para realizar a cura dunha ferida, sinala a actuación correcta:**  
***Para realizar la cura de una herida, señale la actuación correcta:***

- a) Limparemos a ferida de dentro cara fóra.  
*Limpiaremos la herida de dentro hacia fuera.*
- b) Lavaremos a ferida con SSF ou auga e xabón, aplicando posteriormente un antiséptico.  
*Lavaremos la herida con SSF o agua y jabón, aplicando posteriormente un antiséptico.*
- c) Realizaremos unha vendaxe cun apósito estéril tras o lavado da ferida.  
*Realizaremos un vendaje con un apósito estéril tras el lavado de la herida.*
- d) Todas as respostas son correctas.  
*Todas las respuestas son correctas.*

**PREGUNTAS DE RESERVA**

**1. A posición de espera dun paciente, con ferida perforante de abdome, é:**  
***La posición de espera de un paciente con una herida perforante de abdomen es:***

- a) Decúbito supino semisentado  
*Decúbito supino semisentado*
- b) Anti shock  
*Anti shock*
- c) Decúbito supino coas pernas flexionadas  
*Decúbito supino con las piernas flexionadas*
- d) Posición lateral de seguridade  
*Posición lateral de seguridad*

**2. Entendemos por ferida grave aquela que:**  
***Entendemos por herida grave aquella que:***

- a) Afecta a vasos importantes e a órganos vitais e pode chegar a poñer a vida en perigo  
*Afecta a vasos importantes y a órganos vitales y puede llegar a poner la vida en peligro*
- b) Non afecta a órganos nin vasos sanguíneos  
*No afecta a órganos ni a vasos sanguíneos*
- c) Ten moitas posibilidades de infección local  
*Tiene muchas probabilidades de infección local*
- d) Ningunha das anteriores é correcta  
*Ninguna de las anteriores es correcta*

**3. Antes de chegar a facer as compresións abdominais nunha obstrucción completa de vía aérea con paciente consciente:**  
***Antes de llegar a hacer las compresiones abdominales en una obstrucción completa de vía aérea con el paciente consciente:***

- a) Deberemos inclinar á vítima cara diante mentres lle aplicamos cinco palmadas enérxicas nas costas.  
*Deberemos inclinar a la víctima hacia delante mientras le aplicamos cinco palmadas enérgicas en la espalda.*
- b) Debemos tombar á vítima no chan boca abaixo e darlle cinco palmadas nas costas.  
*Debemos tumbar a la víctima en el suelo boca abajo y darle cinco palmadas en la espalda.*



CONCELLO DE  
OLEIROS

*Sinatura:*

*Firma:*

- c) Debemos tomar á vítima no chan boca arriba e aplicarlle cinco compresións torácicas.  
*Debemos tumbar a la víctima en el suelo boca arriba y aplicarle cinco compresiones torácicas.*
- d) Ningunha das anteriores é correcta.  
*Ninguna de las anteriores es correcta.*

**4. Cando detemos a manobra de RCP?**

***¿Cuándo paramos la maniobra de RCP?***

- a) Cando a vítima se mova e inspire espontáneamente.  
*Cuando la víctima se mueva e inspire espontáneamente.*
- b) Cando chegue o equipo de urxencias e se faga cargo da situación.  
*Cuando llegue el equipo de urgencias y se haga cargo de la situación.*
- c) Cando o reanimador quede esgotado e non poida continuar.  
*Cuando el reanimador esté agotado y no pueda continuar.*
- d) Todas as respostas son correctas.  
*Todas las respuestas son correctas.*

## **Primeira proba do procedemento selectivo de persoal socorrista terrestre (coñecementos)**

### **INSTRUCCIÓNS**

**(NON DAR A VOLTA AO EXAME ATA QUE O INDIQUE UN MEMBRO DO TRIBUNAL)**

- No tempo de estancia no lugar de realización da proba queda prohibido falar, dispoñer de libros ou textos, levar auriculares e ter acendido o teléfono móbil. Deberá manter á vista o DNI ou documentación acreditativa equivalente.
- Lémbrese de consignar os datos persoais requiridos; asine na primeira folla no lugar establecido para o efecto e nas restantes no espazo sinalado.
- O test está composto de 20 preguntas (máis 4 de reserva) con 4 respostas alternativas ou respostas curtas (no caso das respostas alternativas só unha é a correcta).
- O tempo para a realización do exame é de 20 minutos que comezarán a partir da indicación da Presidencia do Tribunal.
- O xeito de marcar a resposta que se considere correcta será facendo un círculo na letra correspondente a), b), c) ou d), sempre con bolígrafo con tinta de cor azul ou negro (nunca doutra cor ou lapis).
- Segundo as bases da convocatoria as respostas erróneas descontarán un terzo do valor dunha pregunta correcta.
- Se desexa corrixir a resposta, risque o círculo inicial e volva a marcar a resposta na outra opción que considere correcta.
- Se necesita corrixir de novo, fágao de tal modo que quede sinalada, de xeito claro e inequívoco, a opción que considere correcta.
- Se remata o seu exercicio antes do tempo sinalado, acérquese a un dos membros do Tribunal e entregue o seu exame.

### **INSTRUCCIONES**

**(NO DAR LA VUELTA AL EXAMEN HASTA QUE LO INDIQUE UN MIEMBRO DEL TRIBUNAL)**

- *En el tiempo de estancia en el lugar de realización de la prueba queda prohibido hablar, disponer de libros o textos, llevar auriculares o tener encendido el teléfono móvil. Deberá mantener a la vista el D.N.I. o documentación acreditativa equivalente*
- *Recuerde consignar los datos personales requeridos; firme en la primera hoja en el lugar establecido al efecto y en las restantes en el espacio señalado.*
- *El test está compuesto de 20 preguntas (más 4 de reserva) con 4 respuestas alternativas (en el caso de las respuestas alternativas sólo una es correcta).*
- *El tiempo para la realización del examen es de 20 minutos que comenzarán a partir de la indicación de la Presidencia del Tribunal.*
- *La forma de marcar la respuesta que se considere correcta será haciendo un círculo en la letra correspondiente a), b), c) o d), siempre con bolígrafo con tinta de color azul o negro (nunca de otro color o lápiz).*
- *Según las bases de la convocatoria, las respuestas incorrectas descontarán un tercio del valor de una pregunta correcta.*
- *Si desea corregir la respuesta, tache el círculo inicial y vuelva a marcar la respuesta en otra opción que considere correcta.*
- *Si necesita corregir de nuevo, hágalo de tal modo que quede señalada, de forma clara e inequívoca, la opción que considere correcta.*
- *Si acaba su ejercicio antes del tiempo señalado, acérquese a uno de los miembros del Tribunal y entregue su examen.*



**MODELO DE RESPOSTAS EXAME SOCORRISTAS TERRESTRES 2019**

1 - A
2 - C
3 - D
4 - D
5 - C
6 - A
7 - A
8 - C
9 - A
10 - C
11 - C
12 - B
13 - B
14 - B
15 - B
16 - D
17 - A
18 - A
19 - A
20 - D

<b>PREGUNTAS DE RESERVA</b>
1 - C
2 - A
3 - A
4 - D